

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Dáse publicidade do literal do Decreto núm. 273/2024 de 27.05.2024 no que se convoca a sesión ordinaria do Pleno do Concello.

«Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DÍA 30 DE MAIO DE 2024

EXPEDIENTE Nº 2024/G010/000008

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola secretaria accidental da Corporación o día 27.05.2024, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á Sesión Ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **xoves día 30.05.2024 ás 12.00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 do R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1. LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE 25-04-2024 E SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 14-05-2024**
- 2. TOMA DE POSESIÓN DO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) DON AARON CURBEIRA MARTÍNEZ**
- 3. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA ASOCIACIÓN EUROEUME**
- 4. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 10/2024 MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.**



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: POLÍTICAS DE IGUALDADE

6. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: ARRANXO E CESIÓN DE USO DO EDIFICIO DO ANTIGO “CASINO”

7. DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA Nº 238/2024 de 06/05/2024, DE APROBACIÓN DO PROXECTO (MOD 1) APARCAMIENTO EN SANTIAGO DE BOEBRE PONTEDEUME DE DATA 17.04.2024 INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024

8. DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA Nº 251/2024 de 13/05/2024, DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS NO CAMIÑO DE VELIÑO EN CENTROÑA DE DATA 17.04.2024 INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024

9. DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DE RESUMEN ANUAL DE CONTROL INTERNO 2023

10. DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL. 1º TRIMESTRE 2024

11. ASUNTOS DE URXENCIA

12. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

13. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

14. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde don Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, María Roca Vázquez, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)»

En Ponte deume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria accidental do concello de Ponte deume María Roca Vázquez. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

